

## CARREIRA PROFESIONAL EXTRAORDINARIA

D.O.G. 15 DE XUÑO DE 2009

### PUBLICADAS AS SEGUINTE RESOLUCIÓNS

- ♥ Grao III do persoal de xestión e servizos e sanitario de FP
- ♥ Grao IV de diplomados sanitarios
- ♥ Grao III de diplomados sanitarios da Lei 16/2001
- ♥ Grao III do persoal do grupo A que agora é FEA por presentar título de especialista

### SOLICITUDES

- ➔ Solicitude no modelo establecido a través da oficina virtual do Profesional (FIDES).<sup>1</sup>
- ➔ Imprimir copia en papel e presentala xunto coa documentación no rexistro.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O PRAZO EMPEZA O DÍA 16 DE XUÑO  
E REMATA O 30 DE SETEMBRO DE 2009

<sup>1</sup> MÁIS INFORMACIÓN NA OFICINA DE RELACIÓNS LABORAIS DA ÁREA Tlf: 981337649



## REQUISITOS PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS XERAIS E TÉCNICOS

- ♥ Ter traballado un mínimo de 19 anos no réxime estatutario
- ♥ No caso de ter acadada a máxima puntuación na auto avaliación (8 créditos), será necesario conseguir un crédito mais para chegar ós 9 esixidos (1 crédito = un curso, 10h)
- ♥ Os cursos que se presenten non se poden volver presentar para posteriores graos.

## FORMACIÓN CONTINUADA: QUÉ CURSOS SE VALORAN?

- ♥ Valorarase a asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados para profesións sanitarias pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde, ou pola Comisión Autónoma. Estes cursos valoraranse sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría, e para as categorías sanitarias.
- ♥ Valoraranse tamén os cursos de formación e perfeccionamento realizados ao abeiro do acordo nacional de formación continuada das administracións públicas e/ou do Plan de formación continuada do Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría.
- ♥ Valoraranse igualmente os cursos finalizados con posterioridade ao 1 de xullo de 2002, relevantes para o desempeño das correspondentes funcións, convocados e impartidos pola Administración estatal, autónoma, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios oficiais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde.

Os cursos valoraranse por créditos. De non figuraren créditos, a equivalencia será por cada 10 horas 1 crédito.

Para a formación universitaria posgraduada non se terá en conta a citada data de referencia (1 de xullo de 2002).

Excepcionalmente, aos profesionais que non teñan superado a avaliación e que non poidan acreditar a realización de cursos con posterioridade á data indicada, a Comisión Técnica de Avaliación poderá solicitarlles e valorar outros cursos das mesmas características que os anteriores, sen límite de data.

[scigasf@sergas.es](mailto:scigasf@sergas.es)